

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2020/9 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 25 de XUÑO de 2020 |
| Duración | Desde as 21:00 ata as 00:00 horas |
| Lugar | SALÓN DE PLENOS |
| Presidida por | MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ |
| Secretario | MINIA ASTRAY BARCA |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|------------|-----------------------------|---------------|
| 45845184C | ALBA QUINTELA VILARIÑO | SI |
| 78799331C | ALBINO GARCÍA TRILLO | SI |
| 78797031C | ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA | SI |
| 45961024D | ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ | SI |
| 44817796L | DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA | SI |
| 79327861X | JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO | SI |
| 33265012C | JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN | SI |
| 33253117Q | JUANA LAGO PROL | SI |
| 78789855C | MANUELA BARCIA VÁZQUEZ | SI |
| 33260032P | MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL | SI |
| 33290705E | MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO | SI |
| 44842747S | RAQUEL GARCÍA BARREIRO | SI |
| 76518187Q | TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO | SI |



| | | |
|---|--|--|
| | | |
| Escusas de asistencia presentadas: | | |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

| |
|----------------------------|
| A) PARTE RESOLUTIVA |
|----------------------------|

| | |
|--|--------------------------|
| 1.- Aprobación da acta da sesión anterior | |
| Favorable | Tipo de votación: |
| Comeza o Sr. González expoñendo que o secretario accidental por cuestión de tempo non puido levar a cabo a redacción da acta do pleno da sesión anterior, polo que a aprobación da acta do pleno ordinario de maio queda pendente de aprobación para o seguinte pleno ordinario. | |

2.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

| | |
|---|---|
| 3.- Expediente 1036/2019. Subvencións Solicitadas a Outra Administración | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/asentemento |
| DEBATE | |
| <p>Comeza o debate Sr. González facendo referencia a que o Expediente 1036/2019, xa explicado na Comisión de servizos, é necesario dar conta e ratificar a resolución de Alcaldía pola que se emendaban unha serie de deficiencias detectadas en tres proxectos do POS 2020. Onde a Deputación solicitaba información adicional e que xa se remitiu a mesma. Indica que o procedemento é dar conta e ratificar a subsanación de erros materiais na redacción destes proxectos.</p> <p>Tomando a palabra a Sra. Molinosfai referencia a que no pleno extraordinario do 17 de decembro no que se propuxo a aprobación dos proxectos incluídos no POS + 2020, na intervención que fixeron no momento sinalaron que dende o goberno</p> | |



actuaban con pouca rigorosidade e apresuramento. Continúa a intervención reiterando que en varias ocasión xa se viron na obriga de repetirlles que en outros expedientes a Deputación requírelles documentación que subsane as carencias dalgúns proxectos, ademais de solicitudes de autorizacións sectoriais que debían acompañarse ao expediente no mes de decembro do 2019 e que non se solicitaron ata o mes de marzo do ano 2020.

Fai referencia a que esta situación pode causar retrasos na concesión da axuda pola Deputación e que tamén require un traballo extra da tramitación do expediente, polo que, amosan o seu parecer de que sería bo proceder nun futuro unha maior atención a ditos aspectos e un maior rigor e deste xeito evitar estas anomalías.

A continuación, por parte do BNG, toma a palabra Sra. Suárez, comeza a súa intervención apuntando que non mostren tantas presas en a veces presentar os proxectos e fagan un estudio máis pormenorizado á hora de presentalos.

Apuntan que efectivamente isto supón un retraso das subvencións que se poidan solicitar e engaden o dito polo PP que “se tiveran un pouco de xenerosidade democrática terían a ben rectificar un dos proxectos como son as escaleiras do Albán. Recordan que os representantes do pleno en maioría os que pensaban que o proxecto desas escaleiras non debería ter lugar. Expoñen que unha vez que se levaron a cabo o que debe facerse e mantelas e non derribalas.

De seguido toma a palabra o portavoz do grupo socialista, reitera e subliña que “canto antes e que isto si que corre presa”.

Remata o debate o Sr. González expoñendo que o proxecto xa está modificado e xa está enviado. Afirmado que isto simplemente é a ratificación e que non creen que supoña retraso ningún relacionado coa subvención. Apunta que o procedemento foi o de sempre e que por motivos diversos como os informes sectoriais incluíu determinadas afectacións que habitualmente non se inclúen neste tipo de informes, xustificando o motivo do retraso da solicitude.

Conclúe dicindo que toman nota de todo o sinalado polos diferentes grupos políticos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 votos a favor
PP: 5 abstencións
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO
PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución de Alcaldía que ten o seguinte literal:

EXPEDIENTE: 1036/2019.ASUNTO: OBRAS POS+ 2020.

DECRETO DE ALCALDIA

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte Resolución:

"ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación de Outes, na sesión extraordinaria celebrada ó 17 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, no cal se incluíron, entre outras, as seguintes obras: "Arranxo paseo fluvial da Serra e outros", "Acondicionamento antiga escola de Tarás" e "Acondicionamento sede clube de remo Taxamar"

SEGUNDO.- Con data 10.03.2020, a Deputación da Coruña notifica ao concello que unha vez revisados o proxectos técnicos citados polos Servizos técnicos da antedita institución, os mesmos conteñen unha serie de deficiencias técnicas e que é necesario ampliar ou mellorar os anteditos proxectos, basicamente en canto á aplicación de planos e reportaxes fotográficas.

TERCEIRO.- Requerido o persoal técnico redactor dos anteditos proxectos para a subsanación das deficiencias detectadas, éstos remiten ao concello os novos proxectos con data 23.04.2020.

Vistos os antecedentes expostos e tendo en conta as atribucións do artigo 21.1.o), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réximen local e considerando que as modificacións efectuadas nos proxectos técnicos trátanse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos



investimentos a realizar nin a súa valoración económica,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar os proxectos corrixidos incluídos no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020”, que se relacionan de seguido:

1º.- “Arranxo do paseo fluvial da Serra e outros”, de marzo de 2020, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, que ten un importe, ive incluído, de 83.451,95 €.

2º.- “Acondicionamento da antiga escola de Tarás”, de abril de 2020, redactado polo arquitecto D. José Isidro López Yáñez, colexiado nº: 2.261, que ten un importe, ive incluído, de 36.868,34 €.

3º.- “Acondicionamento na sede clube de remo Taxamar”, de abril de 2020, redactado polo arquitecto D. José Isidro López Yáñez, colexiado nº: 2.261, que ten un importe, ive incluído, de 35.841,47 €.

SEGUNDO.- Declarar que as modificación recollidas nos proxectos técnicos relacionados no apartado anterior non afectan á natureza nin a finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, con respecto aos aprobados na sesión plenaria do dezasete de decembro de 2019 e que foron incluídos no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020”.

TERCEIRO.- Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre aos efectos do seu coñecemento e ratificación"

4.- Expediente 312/2020. Contratacións

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/asentemento

DEBATE

Comeza o debate o Sr. González presentando a aprobación da mellora de eficiencia enerxética dos alumeados públicos do Concello de Outes. Expón que o Concello de Outes foi adjudicatario dunha axuda do IDAE de máis de 770.000€ para ser destinada o obxectivo xeral de aforro enerxético e que se plasmará e concretará na mellora de practicamente todo o alumeadado público. Entenden que



é un proxecto importante que pode supoñer un aforro na factura do alumeadado público considerable e que mellora o medio ambiente, polo menor consumo de enerxía. Están interesados en que se simplemente o antes posible, sendo un proxecto cuns pregos complexos e que ten que ser anunciado no DOUE. Subliña que creen que é un proxecto importante para o Concello.

Toma a palabra a voceira do PP, a Sra. Molinos, para facer referencia de que por unha parte pon fin poidan coñecer o contido do proxecto no que o Concello ten que aportar máis de 180.000€. Tamén fai referencia o anuncio que o goberno fixo nos medios de comunicación desta axuda do IDAE, expón que o seu grupo con data 4 de febreiro solicitou que se lles facilitase o proxecto para o estudo do mesmo, petición reiterada no pleno do 25 de maio sen resposta por parte do goberno. Comenta que debe ser a idea que vostedes teñen de transparencia e da participación non facilitando a documentación que lle solicita a oposición.

Engade que despois de catro meses puideron ver ese proxecto que ten máis de 800 páxinas e que resultou complexo a súa análise polo escaso tempo, aínda así fixemos varias reflexións ao respecto. Fan referencia a cita do Sr. González no Correo Galego de que se van a cobrar 37.00€ anuais, iso sería o aforro económico do Concello. Subliñan que ese aforro non sería real ata que se amortizasen os 180.197,45€ que ten que achegar o Concello, que serían como cinco anos. E o que tampouco saben é se o goberno ten nese aforro o custo das posibles reposicións das novas luminarias con respecto as anteriores.

A continuación, por parte do BNG, toma a palabra Sra. Suárez, lamentando que non se lles facilitase antes o proxecto, xa que como indicou a Sra. Molinos, é un proxecto cun volume importante e gustaríalles poder mirar polo miúdo antes de chegar ao pleno e ter que dar a aprobación ou non.

Engade e dálle a nora boa porque por fin no Concello se acomete un proxecto ambicioso e importante para todos os veciños. Referíndose o comentario da portavoz de PP se non se amortizan en cinco anos amortizaranse nos dez seguintes. Sinalan que o importante é o aforro enerxético e menos contaminación lumínica é todo o que sexa mellorar as condicións da veciñanza de Outes será benvido.

Apuntan que votan de menos que non teñan a ben facer un inventario real en canto as luminarias se refire do noso Concello. Apuntan que hai lugares do Concello que non teñen alumeadado público e que hai farolas alumeadando aos pinos. Estudio dos puntos de luz que fan realmente falta xa que hai en tramos que fai falta.



Finaliza a súa intervención dando os parabéns polo proxecto e esperan que se poida comezar pronto.

A continuación toma a palabra o Sr. Caamaño portavoz do grupo socialista, que apunta que pensaba que os parabéns da súa compañeira eran polas luminarias de Ponte Nafonso.

Continúa a intervención citando que o partido socialista sempre están de acordo nestes cambio de luminarias sen embargo chaman a atención ó goberno xa que levan un ano sen repoñer as luminarias de Ponte Nafonso cando se lle rogu, preguntou e lembrarllo por parte deste partido hasta que saíu na Voz de Galicia o 19 de decembro. Subliña que en seis meses non foron quen de cambiar as lámpadas e roga que agora no nas cambie e que espere á renovación.

Engade, que como xa dixo na última Comisión de Servizos, espera a chamada antes d toma de algunhas decisións.

Comenta o Sr. González que creen que é un proxecto importante que inclúe melloras como as luminarias e no cableado e nas luminarias no paseo de Broña, melloras por valor de 137.000€.

Abrindo unha segunda quenda de intervencións, o Sr. González contéstalle a Sra. Molinos dicindo que “é como aquel que non quere inventar o lume por medo a queimarse”. Se teñen luminarias máis eficientes que consumen moito menos, evidentemente teñen un coste máis elevado pero para o goberno cree que merece a pena. Cita que a convocatoria leva anos e que en gobernos anteriores non se fixo.

Finaliza citando que é un proxecto que ten auditoría previa completa que non había proxecto ata maio e que si existía unha memoria que foi a que serviu para a concesión da subvención de máis de 760.000€.

Toma a palabra a Sra. Molinos aclarando que non están recriminando que as novas bombillas costen máis que as anteriores, o único que expoñen é que cando fai referencia ao aforro ten que ter en conta que o aforro non é só iso, hai outras cousas como as bombillas que o Concello ten que contemplar cando da o alcalde “cifras ao aire”. Reitera que non que lles pareza mal o proxecto das luminarias nin que o cambio das luminarias e apunta que en canto a que era unha memoria e non un proxecto pois igualmente podían darnos acceso a él e non o deron.



Intervén o Sr. González afirmando que o que solicitaron foi o proxecto.

Rebate a Sr. Molinos afirmando que o que o Sr. González dixo na prensa é que era un proxecto. E apunta se a razón para non ensinar a memoria é porque lle chaman proxecto pois non cree que sexa correcto.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO

EXPEDIENTE: 312/2020

PROPOSTA ALCALDIA ANTECEDENTES

Con data 29.10.2019, o Concello de Outes solicitou una axuda ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDEA), unha axuda para a execución de melloras nos alumeados públicos exteriores ao abeiro do Programa de axudas e proxectos singulares de EELL que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.

Con data 19.06.2019, o IDAE notificoulle ao concello a concesión dunha axuda por importe de 766.825,78 € , para a execución das anteditas actuacións.

Con data 09.01.2020, achegóuselle ao IDAE a aceptación da devandita axuda.

Entre as condicións a cumprir para a obtención da subvención concedida figura a de elaboración e aprobación dun proxecto técnico que recolla tódalas actuacións a realizar e sirva de base para a licitación e execución dos traballos previstos.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:



Primero.- A aprobación do proxecto “MELLORA ENERXÉTICA DE DIVERSOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OUTES”, redactado polo inxeñeiro industrial D. Javier García Villamisar, colexiado nº: 2724 do ICOIIG, e que ten un importe total de: 923.442,23 €, ive incluído.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo ao IDAE aos efectos de continuación coa tramitación do expediente.

5.- Expediente 366/2020. Modificación de Crédito

Favorable

Tipo de votación:

Favorable/unanimidade

DEBATE

Comeza o debate o Sr. González citando que o presente punto encontrase vinculado co anterior, iniciado o proceso de licitación e aprobaron agora mesmo o proxecto de mellora da luminaria pública. Hai un 20% de custo do proxecto que representa aproximadamente 180.000€ que ten que ser cofinanciado coas achegas do Concello que ten que ser cofinanciado coas achegas do Concello son 270.000€ que van a conta do IDAE. Expón que supón votar man dos recursos propios é o xeito de facelo é mediante o remanente de tesourería a sabendas de que afectará a regra de gasto. Apuntan que a sabendas non poden deixar de facer un proxecto que vai permitir un aforro importante e incluíndo a amortización.

O que se propón é un suplemento de crédito en base ao remanente líquido de tesourería por valor de 180.000€ para cofinanciar os gastos do proxecto do IDAE e así poder sacar adiante a liquidación.

Toma a palabra a portavoz do PP a Sra. Molinos, manifestan o parecer o respecto do proxecto que non puideron ver na súa totalidade e con referencia á modificación por suplemento de crédito para financiar 180.000€ queremos recalcar que tivesen en conta as continuas advertencias plasmadas nos informes de intervención con respecto aos incumprimentos de estabilidade orzamentaria.

A continuación, por parte do portavoz de BNG, toma a palabra a Sra. Suárez que entenden que teñen que votar man desta partida e supoñen que son responsables en canto ao gasto se refire e que van saber dar conta aos veciños de Outes de ata onde chegan os créditos e ata onde non.



De seguido toma a palabra o Sr.Caamaño, que dispón que non van dicir que non as luminarias co aforro que supoñen e adiantan o seu apoio á modificación de crédito. Tamén lle recorda que o informe de intervención fala dun incumprimento da estabilidade orzamentaria e insta ao concello a aprobar un Plan Económico Financeiro cal permita neste ano e no seguinte cumprir coa estabilidade orzamentaria. Subliña que xa avisou que ía estar enriba dos informes tanto de Secretaría como de Intervención e que neste casa insta a aprobación do Plan e que non se van opoñer as luminarias pero advirte que teña coidado cos informes se son desfavorables.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación que amosa o seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

PSOE 1 voto a favor

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 336/2020, do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito 1/2020 pola cantidade de 188.197.45€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo ao seguinte detalle:

Suplemento en aplicacións de gastos

| Aplicación | | Descrición | Créditos totais | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|---------------|------------------|---|-----------------|--------------------------|-----------------|
| Progr. | Económica | | | | |
| 165 | 63300 | Iluminación pública. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos | 17.536,00€ | 188.197,45€ | 205.733,45€ |



| | | | | | |
|--|--|---|-------------------|--------------------|--------------------|
| | | (maquinaria, instalaciones técnicas e utillaxe) | | | |
| | | TOTAL | 17.536,00€ | 188.197,45€ | 205.733,45€ |

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en concepto de Ingresos

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|-----------------------|------|-------|--|-------------|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 8 | 87 | 87000 | Remanente líquido de tesourería para gastos xerais | 188.197,45€ |
| | | | TOTAL INGRESOS | 188.197,45€ |

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

6.- MOCIÓNS.

Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación:

Favorable/Unanimidade

- DO PSOE:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ben sabedes, atopámonosnunha situación inédita a nivel mundial, pero o



caso é que nós queremos impulsar dende o Partido Socialista de Outes e coa axuda de tódolos partidos que compoñen esta corporación, o fomento do emprego e salvagardar no posible ós autónomos e empresas do noso concello, e na liña que quere impulsar o noso concello de pequenas obras para ser executadas por ditas empresas e autónomos imos presentar a seguinte moción:

Como ben é sabido por todos nos, o campo municipal do Conchido ven de ser obxecto dunha remodelación tanto na cantina, coma nos vestiarios e así mesmo atópase pendente dunha actuación para arranxar as gradas, dende o partido socialista queremos e desexamos que se arranxe tamén o tema dos aseos, xa que na actualidade conta cun só aseo unisex adaptado isosi, pero segundo o noso criterio e tamén dacordo con algunhas das persoas responsables do uso das instalacións, dan un servizo deficitario e insuficiente dado o número de xente que se xunta a velos partidos no recinto, é por isto que o Partido Socialista de Outes propón o seguinte acordo para a súa aprobación

ACORDO:

Arranxar os aseos de forma acorde as actuacións que se levaron a cabo e se están lavando en todo o recinto, aproveitando no que se poda as instalacións xafeitas de canalizacións para que na próxima tempada teñamos uns aseos en condicións.

Asdo. José Antonio Caamaño Lestón

DEBATE

Da comezo o debate tomando a palabra a portavoz do PP, a Sra. Molinos, consideran que a gran cantidade de usuarios que ten o campo de fútbol fai necesario a dotación de vos servizos no recinto polo que adaptar os aseos a xente é unha actuación razoable e vai na liña que o grupo PP promoveu estando no goberno como por exemplo a remodelación dos vestiarios así como a cantina que subliña que se adxudicou a unha empresa local como se fixo sempre que o marco legal de contratación permite.

A continuación, por parte do BNG, toma a palabra o Sr. Núñez, para subliñar que están a favor de todo o que supoña a mellora das instalacións deportivas ou nos servizos que se lle prestan a cidadanía, no que nunca suporán un impedimento e polo tanto adiantan o apoio a moción. Introduce unha pregunta facendo referencia a quen certificou o proxecto das obras do vestiario? Porque según lle chega ao seu grupo por algúns usuarios eses aseos están peor agora que cando se comezaron



as obras polo que reclama ao goberno un seguimento e que as obras rematen como se teñan que rematar e non se teña que actuar por deficiencias nas actuacións. O que solicitan é un control con respecto a estas obras e que se encontran totalmente a favor das mesmas.

Finaliza o debate coa intervención do Sr. González que expón que en liñas xerais estánda cordo co contido e co espírito da moción. Comenta na actuación precedente da reforma dos vestiarios incluíuse a construción dun aseo que neses momento tivo que ser dunha praza porque valouse adaptar os existentes pero tiñamos que ter uns aseos adaptados a persoas con diversidade funcional e aqueles non era posible adaptalos e decidiuse facer un ben feito en vez de arranxar o que quedaría mal. Entenden que poida ser insuficiente e ven ben o que propoñe e solicita que na próxima tempada intentaran facelo o antes posible. Unha vez cun aseo para persoas con diversidade funcional ver se é posible tecnicamente arranxar os outros dous.

En relación o apuntado polo Sr. Núñez o Sr. González expón que son conscientes dos problemas pero que se “empezou a casa polo tellado” empezou a arranxar os vestiarios procédese a arranxar sen arraxar a cuberta polos que os problemas témolos agora. Este proxecto xa estaba comezado cando entramos no goberno, entendo que seguen habendo danos e esperamos que se poidan solventar de maneira rápida.

Dirixíndose o Sr. González ao portavoz do partido socialista o Sr. Caamaño, que atenda as necesidades e aos requirimentos técnicos e adianta que aprobarán esta moción.

A continuación toma a palabra o Sr. Caamaño expoñendo que se o Alcalde lle di que o fará o antes posible “medo me da”.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 favor

- DO PARTIDO SOCIALISTA:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no



Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Como consecuencia do desastre sanitario orixinado polo COVID-19 no que o noso concello, afortunadamente, quedou case a salvo excepto algún dano puntual a nivel persoal, os efectos restante como os económicos, sociais, e outros, vanse deixar sentir mais ou menos coma no resto da comarca do Barbanza.

Obviamente os peor parados van ser sempre os mais débiles e dentro deste grupo, especialmente, os mais pequenos, é por isto que instamos ó Pleno do Concello a tomar o seguinte **ACORDO**:

1-Facer un listado exhaustivo dos menores de dez-doce anos do Concello para ter localizados os posibles pequenos que puideran estar mais afectados pola situación pos-pandemia.

2-Desde os servicios sociais municipais farase un cribado porque haberá xente que poderá superar os efectos sen axuda.

3-Habilitarase unha partida económica extra ou tirar da aumentada para emerxencias para poder solucionar este problema pensando non solo agora senón que dentro de dous-tres meses empezará o curso escolar e terá nunhas necesidades especiais que solventar (libros, roupa...)

4-Facer un seguimento dos pais/nais/titores ou quen corresponda de que as posibles axudas chegan e se administran en beneficio dos rapaces entendendo que pode haber quen quede sen traballo e se agrave a situación.

DEBATE

Abre o debate o Sr. González aclarando que é unha enmenda a raíz que se falou na comisión que cambia a orixinal e queda do xeito que acaba de expoñer o Sr. Caamaño.

Toma a palabra a portavoz do PP a Sra. Molinos, manifesta que os seu grupo que os danos da pandemia vanse seguir notando durante moito tempo que están de acordo con que se lle de a maior cobertura posible aos veciños que o precisen e como non aos menores aos que se refire a moción que presenta o partido socialista.



A continuación toma a palabra a portavoz do BNG, a Sra. Suárez que defenden que as consecuencias da COVID-19 aínda se están vendo e sufrindo. Fai referencia ás sanitarias que no Concello nunca se saberá o número real como tampouco no Estado do número de infectados porque é unha situación complicada, pero engade que máis alá da situación sanitaria o BNG con respecto ó espírito en si da moción ou da intención da moción do partido socialista expoñen a súa conformidade en que hai que axudar as familias, autónomos e empresas que teñan dificultades. Pero, engaden e poñen de manifesto, cuestión xa feita na Comisión previa ao pleno, que as axudas que demanda o partido socialista vansen solapar con axudas doutras administracións como por exemplo da Consellería de Educación, as axudas ao material escolar da moción das familias afectadas na ensinanza obrigatoria están cubertas pola Consellería non pasando nos ciclos de formación profesional ou nos rapaces que fan Bacharelato subliñando que son estes os que non teñen axudas por parte da Consellería. Expoñen que é xustamente aí onde ten que poñerse o foco o goberno local en axudar a esas familias que non van ter axudas por outras administracións. Engadindo que votan de menos que se ciñan a axudas de material escolar sen embargo pola mesma razón deberían dirixirse ao comedor ás actividades extraescolares a calquera outra actividade onde non estean chagando as axudas por parte doutras administracións non debendo solaparse e deixar a algunhas necesidades de familias e nenos sen atender.

Toma a palabra o Sr. González sinalando que como xa expuxo na súa primeira Comisión parece ven o contido da moción e comentouse que levaban semanas traballando cos servizos sociais para poñer en marcha un programa de axudas deste estilo, por esta razón creen convinte dar o apoio aos termos da moción e faise eco das palabras da voceira do BNG. Facer propostas de carácter xeral e deixarlle aos servizos concretos os detalles máis específicos. Adiantando o apoio á moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño en relación cas palabras da Sra. Suárez, que coa lectura da moción nin pon rango de idade nin nada é dicir nenas e nenos en idade escolar e que o acordo pode ser moi amplo. Que valoren as decisión e que dende o partido socialista se exclúen a ninguén e que non se solapen con outras axudas.

A continuación intervén a Sra. Suárez e subliña que ao facer referencia a nenos e nenas en idade escolar refírese a ensinanza obrigatoria. Engade que no que se refire ao traballo dos servizos sociais que están facendo ven o seu traballo e que están detectando aos mais vulnerables e que eles insisten que apoian o espírito da moción pero subliña a escaseza da definición e que a aprobación non incluía certas cousas que dende o seu partido pensan que hai que detallar moito máis.



Reitera que na base da moción están da cordo.

O voceiro do partido socialista Sr. Caamaño convida o BNG a que no próximo pleno presenten unha moción coas cuestión sinaladas.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

- **Do PP:**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu a voceira do mesmo María Beatriz Molinos Vidal, ao amparo do disposto no Regramento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno desta Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte

MOCIÓN:

Concesiónsnas zonas de dominio público marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modificación do regulamento xeral de Costas iniciada polo goberno central ten xerado dende o seu inicio unha grande inquietude entre as industrias situadas no litoral galego.

Esta situación podería ocasionar graves prexuízos a máis dun cento de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de edificacións galegas asentadas no litoral.

De feito, a estrita interpretación da normativa actual xa está a afectar a algunhas empresas que viron como a renovación da prórroga das súas concesións se producía por un tempo inferior a un ano.

Esa inquietude foi compartida pola Xunta de Galicia, que estivo ao lado dos afectados dende hai máis dun ano, reuníndose con eles e con representantes



locais e expresando as súas reservas ante o Ministerio de Transición Ecolóxica.

O Grupo Parlamentario Popular recolleu tamén esa inqueda social e rexistrou una proposición non de lei que foi aprobada no Pleno de 29 de abril de 2019 conseguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

- Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesión que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.

- Que, de tramitarse unha modificación do Regulamento de Costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.

- Que o procedemento de reforma do Regulamento Xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas”.

Sabemos que Galicia solicitou en varias ocasión ao Goberno central que paralizase esta modificación lexislativa, ao mesmo tempo que se pediu axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que defendese ao sector neste proceso.

Fontes do PSdG-PSOE afirmaron hai ben poucas semanas, tanto en plenos municipais como a través dos medios de comunicación, que este proceso de reforma e aplicación hiperrestritiva da normativa quedaba sen efecto e que a paralización da modificación era un feito, cuestión nunca comunicada oficialmente e que se baseaba na información que supostamente manexaban estas persoas do nomeado partido.

Recentemente, vimos de coñecer que os temores expresados por Xunta, PP e sector estabanseramente fundados. Por un lado, haixa dúas empresas galegas afectadas pola interpretación restritiva da norma, o que podería levar máis de 250 persoa a perder o seu emprego, alén da economía que estas firmas xeran



tanto directa como indirectamente. Pero, a maior abundamento, acabamos de saber que o Goberno central vén de propor a modificación dunha cuestión esencial como é o da duración das concesión no dominio público marítimo-terrestre a través da Lei de Cambio Climático, e todo elo sen xerar diálogo ningún cos afectados.

Ambos feitos confirman que o proceso de reforma da Lei de Costas non estaba paralizado, senón que se está a levar a cabo con certo escurantismo e sen ningunha vontade de diálogo, a través da imposición, tal e como se alertou no seu momento dende a Xunta e dende o propio sector afectado.

En definitiva, desde este grupo político sempre defendemos una normativa que teña presente a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias vencelladas ao mar, xerando nelas a suficiente seguridade xurídica, cun escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir a desenvolver a súa actividade con normalidade e xerando riqueza nas nosas vilas costeiras, e en particular no Concello de Outes.

Por todo o que acabamos de expor requirimos deste Pleno o seguinte acordo:

ACORDO:

“Que o Concello de OUTES inste ao Goberno de España:

1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo-terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.
2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prórrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía coproxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.
3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de alegacións por parte de administración e axentes sociais afectados.



4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesións en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite as prórrogas de 75 anos

En Outes, a 16 de xuño de 2020

Fdo. María Beatriz Molinos Vidal

DEBATE

Toma a palabra a voceira do BNG, a Sra. Suárez que expón que o posicionamento do BNG co regulamento de costas e que entenden que a motivación da moción do PP e a tramitación e a xustificación da reforma do goberno central ven pola inseguridade xurídica que a lei de costas do PP do ano 2013 e sorpréndelles que esperen a que haxa un goberno do PSOE a presentar estas mocións e noncando estaba o partido PP no goberno. A necesidade foi o cambio de criterio da avogacía do estado non está xustificada a ubicación de ENCE, tampouco está xustificada a prórroga por 60 anos máis adxudicada pola Xunta de Goberno porque a lei de patrimonio do estado establece un prazo máximo de 75 anos. O seu parecer o rebumbio hai que situala neste marco e os intereses de ENCE. Aínda que o noso partido poida compartir unha parte temos que criticar as formas seguidos polo goberno do estado tramitando a mesma por urxencia e en funcións sen debate público nun debate de tal transcendencia logo que se presentasen máis de 1.000 alegacións no período de exposición pública o goberno de estado anunciou unha nova exposición pública que aínda non abriu. Subliña que Galicia non ten competencias en relación coa costa o mar e o terreo marítimo terrestre cuestión que para o BNG debería telas e que se sufra unha lexislación centralista e uniformizadora que non ten en conta cuestións dos noso país tamén é outra das consecuencias de non ter esas concesión. A situación dos núcleos afectados polo lei de costas hai unha cuestión de procedemento que non compartimos dende o BNG é que o goberno central tramitou a mesma por medio dun procedemento de urxencia sen garantías, sen transparencia e sen participación. Debemos pedir que a reforma se realice pola vía xeral e coa maior participación.

Tamén engade que o que pretende o PP é xerar alarma (...) é unha concesión limitada no tempo e dá dous solucións. Non poden estar en dominio público as previsión e a subo do nivel do mar e sería máis lóxico estudar novas ubicacións. Subliña que hai que diferenciar as que teñenvinculación o mar como conserveiras, etc. Ou aquelas que precisan a relación do mar daquelas que non o teñen que se lles pode buscar outra ubicación. Con respecto as concesións reitera que son



limitadas e os espazos rede Natura 2000 aquí a Xunta actúa ó revés xa que paralizou a rede natura en zonas costeiras. No resto dos casos hai que estudar cada caso por separado e tendo en conta o limite temporal das concesións. Continúa cos parques de cultivo e bateas e establece que en primeiro lugar non se regulan pola lei de costas e regula a Xunta en segundo lugar o perigo non é solo a lei de costas e a lei de apicultura que supón unha (...). Para o BNG o que constitúe un perigo para o mar e industria e marisqueo e pesca de baixura e da imposición da UE e o estado do risco de actividades pesqueiras o que constitúe un perigo é a situación de contaminación e vertidos degradando a calidade das nosas augas. O que constitúe unha ameaza é que o PP actúe ao servizo do grandes intereses económicos e portas xiratorias. Tendo en conta todo o exposto o BNG rexerese polos seguintes criterios como sempre o fixo en defensa do noso mar, demanda de competencias plenas de Galicia demanda dun marco legislativo en materia de costas que teña en conta a realidade galega e seguir reclamando fronte as restrición da UE, garantir o vertido das rías, explotación, solicitar a retirada da proposta, deberá terse en conta intereses sociais económicas e ambientais estes últimos sendo os ecosistemas mariños. Defensa do carácter público e traslado das instalacións que non teñan relación directa co mar e estas atópanse aonde se atopan a reforma deberá dar a máxima garantía xurídica e coñecemento real das empresas afectadas pola lei de costas do noso Concello e a relación de demandas existentes.

Toma a palabra o portavoz do partido socialista, o Sr. Caamaño, os prazos de duración computaranse dende o seu outorgamento sen superar os prazos máximos establecidos pola lei teto do PP para meterlle medo aos veciños aproveitando en vésperas das eleccións. O que se está intentando dende o partido socialista de Galicia é que se diferencia entre tratamento de explotacións de uso produtivo e as concesións a residencias privadas como na costa do levante. A lei do cambio climático está en Off é preciso o diálogo sen embargo atópome aquí para mirar polos veciños e se sae algo en contra dalgún veciño serei o primeiro en poñerme do seu lado e en contra de calquera partido incluso o partido que represento algo que vostedes non poderán argumentar. Somos capaces de apoiar unha moción súa pero neste caso adianta o voto negativo con relación á moción.

Toma a palabra o Sr. González que fai referencia a que están de acordo co que apuntaron tanto o voceiro do partido socialista como do BNG e en calquera caso sinalar dende o noso punto de vista Madrid non entende a casuística da costa galega é evidente que calquera cambio da lei ou regulamento debe ter en conta (...). parécenos ven o que apuntan e apoiariamos a moción se o Concello de Outes inste a Xunta de Galicia a reclamar as materias sobre materias de concesións.



Saben que os galegos somos os que mellor podemos xestionar e non entendemos como non o reclaman e parecen que fan populismo político. Pregunta ao PP se ten a ven incluír dita cuestión, que a xunta de Galicia reclame esta competencia a Xunta establecendo que apoiaran á mesma se inclúen este punto.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos, que afirma que non teñen problema en incluír a cuestión sinalada polo Sr. González. Sinala a Sra. Molinos con relación a exposición realizada polo BNG que a súa proposta é moito máis sinxela e que é simplemente en concesión de dominio público terrestre e que o espírito da moción é chegar a uns acordos. Engade que non estamos no pleno de Pontevedra nin de Marín a que lles preocupa é a xente de Outes e ao parecer do grupo popular ante unha situación como esta na que esta en xogo a supervivencia de moitas empresas ubicadas no litoral galego a nosa postura é estar no lado dos afectados. Pensan que deben facer o que esta nas súas mans para a realización socioeconómica de Galicia que é a nosa forma de vida, a costa galega non é a costa do Levante. Sinala as posibles consecuencias derivadas, os puntos do acordo están ben claros e que se someta a que o revisen os axentes sociais implicados neste tema. Reitera que o espírito da moción é defender axente do mar, a xente de Outes e a xente de Galicia que ten que vivir disto e este catro acordos.

Toma a palabra a voceira do BNG, a Sra. Suárez facendo fincapé en que eles tamén están para defender os intereses dos veciños de Outes polo que instamos o grupo do partido popular que lles soliciten a Xunta de Galicia que intente traer competencias e non presentaron dita cuestión na moción de entrada. O BNG reitera o punto sete no que expoñen por en coñecemento das empresas afectadas pola lei de costas no noso Concello queda clara que si nos preocupan e reitera as diferentes cuestións. Nós defendemos a xente do mar, as actividades, o saneamento das nosas rías porque repercuten no mar aínda que non o contemplan na súa moción e expresa que parece que ao PP só le interesa atender a certas cuestións. Defenderemos o mar dende tódalas partes pero é un tema amplo para non pasalo de corrido e comenten por dicírllo o señor Feijoo que solicite as competencias para Galicia na materia.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que remítese o dito con anterioridade, que se sae algo en contra dalgún veciño do noso Concello irei en contra de calquera partido político incluso do que represento.

Solicita o Sr. González que conste en acta que o acordo engadéselle o seguinte: "que o Concello de Outes inste a Xunta de Galicia a reclamar as competencias ao



Estado referidas as concesións de dominio público marítimo-terrestre". Dando a súa conformidade o grupo do PP.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** engadindo a cuestión sinalada, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos en contra
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto en contra

MOCIÓNS PRESENTADAS POR URXENCIA:

- **MOCIÓN PRESENTADA POR URXENCIA POLO PP:**

DEBATE

Comeza o receso de 5-10 minutos para a análise da moción dos diferentes grupos. O Sr. González dálle a palabra a voceira do PP a Sr. Molinos para defender a urxencia da moción.

Toma a palabra a voceira do PP e fundamenta a urxencia polo retraso no que se encontra o proceso de contratación de socorristas para cubrir as praias e pola falta por parte do goberno da contratación dos socorristas por medios propios. Baseando a urxencia en que ten que ser agora ou que non pode esperar máis.

Toma a palabra o BNG que concorda co exposto polo PP e creen que a estas alturas de tempada deberían estar xa contratados.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista que expón que está no que atende a urxencia si creo que é urxente e votamos a urxencia da mesma.

Intervén o Sr. González comentando que a urxencia que apuntan ten sentido porque agora mesmo hai un proceso cunha lista de admitidos e que van facer as probas e que empezaran a traballar o un de xullo, quince días despois do habitual non me vou a meter nos argumentos e parécenos que non hai urxencia porque é imposible contratar por esta vía é imposible antes que pola vía que xa está posta en marcha poden plantexar nun pleno extraordinario e anuncia o voto en contra da urxencia da moción.



Finalizado o debate da urxencia da moción, **vótase** a urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

Apróbase a ratificación da urxencia por maioría absoluta dos membros e procédese ao debate da devandita votación.

Toma a palabra a voceira do PP Sra. Molinos para a exposición da moción. Expón que o motivo da moción é a contratación de socorristas con fondos propios para a tempada de verán 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende fai moitos anos Outes se distingue entre os concellos da comarca, en incluso de Galicia, por ser o primeiro deles en que os socorristas da praia estaban operativos con un servizo amplo e preparado, grazas as condicións do contrato que se ofrecía. A principios de xuño xa estaban contratados por 3 meses e traballando nas nosas praias para ofrecer aos usuarios a seguridade necesaria. Iso conseguíase porque se reservaba nos orzamentos unha partida para a contratación de 5 socorristas durante tres meses, e se sacaba a convocatoria coa antelación suficiente, ofrecendo boas condicións de traballo, polo que varios xóvenes de Outes inverteron os seus cartos en formarse para ter a opción de poder aspirar á praza cada verán. A este equipo engadíanse os que se contrataban coa subvención da Xunta (nos últimos anos nunca se logrou cubrir todas as prazas convocadas por esta modalidade), e deste xeito podíanse facer quendas para ter cubertas todas as horas e todos os días.

Hoxe a día 25 de xuño estamos asistindo a tardanza do goberno do concello con respecto á contratación de socorristas para atender a vixianza das nosas praias durante a tempada de verán.

Foi o martes 23 de xuño cando puidemos ver que o goberno sacou a convocatoria de contratación de 5 socorristas a tempo completo e 1 a media xornada, asociados á subvención da Xunta. Na liña que ven seguindo o goberno local, de esperar a que outras administracións lles cubran as necesidades que ten o



concello, o sr. Alcalde manifestou fai uns días na prensa que a pesares de haber partida, iban esperar a recibir esa subvención, cando se sabe, por experiencias anteriores, que a escasez de persoal neste ámbito e as moitas ofertas de emprego que se lñzan ao mesmo tempo por parte dos concellos, fan que na maior parte das ocasións se faga imposible cubrir todas as pazas, e os socorristas contratados nese suposto pódense destinar para reforzo dos contratados con fondos propios de cara a que non haxa carencias por posibles baixas ou calquera outra incidencia.

Por eso non entendemos que nesta data, e sobre todo tendo en conta as especiais condicións e requerementos de seguridade que se dan este ano, non hxa socorristas traballando no Concello, non dando a imaxe, buscada polos visitantes, de que Outes é un lugar seguro, cando tanto nos orzamentos prorrogados coma nos que se aprobaron no pasado pleno hai unha partida específica para a contratación de 5 socorristas por 3 meses para a tempada de verán. Se vostedes se anticiparan no comenzo da convocatoria, hoxe 5 persoas, probablemente do concello de Outes (tal e como ven ocorriendo nos últimos anos) estarían traballando na praia.

Consideramos inadmisíble e contraditorio que o goberno municipal manteña o discurso de que a súa prioridade é o fomento do emprego e o apoio ao turismo no concello e que, na realidade, o seu proceder sexa este, non empregar recursos propios e dispoñíbles para dar traballo a 5 persoas, e deixar ao mesmo tempo sen vixilancia e seguridade ao principal enclave turístico do concello que é o a Praia de Broña. Estamos vendo cada día que o actual goberno adícase a desfacer o que xa está feito e que funciona, sen importarlle o resultado do seu proceder para os veciños.

Por todas estas razóns vémonos na obriga de traer a este Pleno a presente moción de urxencia e requerimos del o seguinte ACORDO:

Que o goberno municipal, con carácter de máxima urxencia, inicie o expediente de contratación por un período de tres meses de socorristas financiados con fondos propios, e que adopte, para acortar tempos, a fórmula legal que sexa máis rápida, explorando incluso a posibilidade de usar a lista de admitidos do ano pasado do mesmo xeito que se fixo cos integrantes da brigada de incendios, para que as praias do concello contén canto antes con esta dotación que sen dúbida as fará máis seguras.

En Outes, a 25 de xuño de 2020.



Fdo. María Beatriz Molinos Vidal.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que apunta que estaría ben que as mocións por vía de urxencia estaría ven que se achegasen aos grupos para poder estudialas. Nesta moción atópome con puntos nos que entendo a postura do goberno actual que tira dunha subvención e aparece a pregunta de porque contempla esa partida xa que tiña pensado solicitar esta subvención. Por outro lado vemos como di o PP que o persoal de socorristas é escaso o BNG pensa que é difícil e ideas contraditorias ante a moción, por un lado entendemos a subvención e por outra non o risco de poder quedar sen socorristas.

Intervén o Sr. González para dicir que o goberno despois aclarará a súa postura.

De seguido toma a palabra o portavoz do grupo socialista o Sr. Caamaño que pregunta se os socorristas poden facer algo con respecto a algún tipo de aglomeración que se poida dar na praia, xa que debido a situación deste ano e sería convinte ter máis socorristas por esta circunstancias.

Toma a palabra o Sr. González no que explican a decisión que toman, e que efectivamente víñanse dotando os orzamentos a contratación de socorristas con recursos propios iso a pesar de que a Xunta de Galicia lanza convocatoria de socorristas, cuestións que repetiuse este ano. Cal é o motivo da inclusión da contía a pesar da subvención? Porque os prazos da Xunta non son sempre os máis adecuados para a nosa necesidade pero pensamos que este ano si que o foron, porque o ano pasado comezaron en agosto o finais de xullo os contratados pola Xunta. Entón por unha cuestión de precaución é necesario ter esta partida porque se un goberno non ten esta partida e despois a Xunta de Galicia tarda en sacar a convocatoria para conceder esta subvención sería un problema. Dito isto engade que levan tempo tentando saber da Xunta se seria posible co ánimo de economizar contratar a socorristas con recursos propios e que puidera ser subvencionable. Coa COVID non teñan claro e que finalmente non merecía a pena a contratación anticipada. A razón de fondo por agardar pola Xunta de Galicia por economía porque como dixo a Sr. Molinos e que contratamos con recursos propios 5 persoas e que o ano pasado déronnos a subvención para 7 socorristas e o final so quedaron 4, porque non había socorristas suficientes e solo cubrimos 3 ou 4 nos é forma de economizar. A diferenza son dúas semanas. Engade que mañá mesmo fanse as probas de 21 admitidos pero penso que imos cubrir as 5 prazas e media e pódesele aplicar o convenio existente e van a cobrar como cobrarían os



contratados con recursos propios e propuxemos quedar ata o 15 de setembro con recursos propios.

Creemos que é un motivo para economizar que imos aforrar máis 30.000€ para ter servizo cuberto, temos os recursos. Vai a haber xente e miramos polo interese do Concello das arcas municipais. Se non me equivoco todos os concellos da contorna fan o mesmo. Eramos os primeiros a costa de perder custos. Isto é a razón pola que se fixo este xeito.

Toma a palabra a portavoz do PP a Sra. Molinos gustaríalle saber estar hasta mais ala de 15 de xullo.

Intervén o Sr. González se se podería contratar por máis tempo e que non puidera ser por máis tempo.

A voceira do PP só para que o alcalde o aclare, continua facendo referencia a que 5 socorristas non son suficientes para manter segura a praia de Broña e a de Portosiavo, e 5 e medio tampouco, sempre houbo 7 socorristas e consideramos que hai servizos temporais como a brigada de incendios que son esenciais e é imprescindible que teña un bo funcionamento e ter aspirantes cualificados. Vostede o ano pasado cando a prensa se facía eco dos socorristas de maneira estable que facelo por medios propios facía este feito e que nesa ocasión deixaraos contratados polo goberno anterior. Chámalles a atención o que comentou a voceira do BNG que teñan unha partida nuns orzamentos que acaban de aprobar e hai a mesma partida e que se constata o pouco rigor que aprobaron fai unha semana. Este goberno local é quen de preparar unha senda peonil de 200.000€ para o acceso a praia pero non de dotar a mesma da seguridade necesaria. Esquecen do xeito que fixeron este proceso hai un risco real de quedar sen socorristas suficientes xa que a convocatoria sae en todos os concellos á vez e non hai para cubrir necesidades. As posibles incorporacións é moi fluctuante. Por outra banda, chámanos a atención na convocatoria que fixeron que non se valore a experiencia xa que nun ano coma este debería ser importante polo escaso tempo para no comezo non sexa preciso un proceso de adaptación e que non se valore a formación no manexo de embarcación dando lugar a non ter a quen as manexe.

Toma a palabra o Sr. González para a matización de que para poder facer o mesmo que se fixo cos brigadistas tiña que estar deixado unha bolsa de contratación. Se non se deixou non pode ser. As bases de contratación son as que establece a Xunta de Galicia polo que os procesos de contratación que están tan



despolitizados que nin miramos os procesos concretos.

Toma a palabra a voceira do BNG expón que entre ambos en lugar de aclarar cada vez líanme máis por un lado CO di que economiza coa subvención e logo dí que vai prorrogar con fondos propios durante 15 días a estes socorristas a cambio arrisca a quedar sen socorristas.

Intervén o Sr. González para dicir que iso é o que dí o PP.

Prosegue a voceira do BNG que responde que é a realidade e coñecemento. Por outra banda falan de fomentar a preparación e crear unha bolsa de socorristas. Aclara o Sr. González se estivera creada. Continúa a Sra. Suárez que debería crearse a bolsa pero dende o concello non se fomenta a creación desa bolsa e logo temos a Xunta que fai unha convocatoria para a dotación de socorristas cando lle parece, non se ciñe a época estival.

O Sr. González aclara que a Xunta de Galicia outorga a subvención ao concello pero o concello ten que facer o proceso de selección.

Continúa a portavoz do BNG a Sr. Suárezpreguntando se o Concello non sabe cando se vai outorgar a subvención, e pregunta se pode entregala tanto en xullo como en setembro ou agosto.

Aclara o Sr. González que evidentemente que o goberno sabe cando se pide pero cando se concede é outra administración, por esa razón creen necesario e prudente ter outra partida. Pero se sabemos hai 15 días que tiñan que estar contratados pola Xunta de Galicia optamos por esta vía.

Intervén a Sra. Suárez afirmando que se eles poñen o condicionante de que tiñan que estar contratados 1 de xullo considera que o normal e que notificaran con antelación que eran vostedes beneficiarios desa subvención.

Toma a palabra o portavoz do partido socialista o Sr. Caamaño que comeza sinalando que lle suporía un problema ao goberno se chega a aprobar a partida dos 5 brigadistas e dos 5 vixiantes, porque sinala a onde iría ampliación ata o 15 de setembro xa que suponse que os gastos estarían neste.

O portavoz socialista formula unha pregunta porque o PP no acordo non fala de 5 socorristas, no acordo pon a iniciación do expediente de contratación por un período de 3 meses dos socorristas financiados con fondos propios e propón que sería convinte contratar un par de socorristas para aumentos os cinco e medio e



aforraríamos cartos na partida.

Intervén a voceira do PP a Sra. Molinos para aclarar que son os 5 socorristas que se faloron durante toda a exposición non pedindo outra cousa.

Aclara o Sr. González que o Sr. Caamaño facía unha proposta pero que se o PP non a acepta procederase á votación.

Intervén o Sr. Caamaño para solicitar aclaración de se son 5 si o si o que a portavoz do PP que é o aprobado na partida, no que o Sr. Caamaño afirma que senón en setembro non da a partida.

Intervén a Sr. Molinos dicindo que tódolos anos houbo 7 socorristas como mínimo na praia para estar ben atendida.

Toma a palabra o Sr. González afirmando que se non hai máis comentarios, intervén o Sr. Caamaño propoñendo que se queren modificar e aumentar a eses 5 da Xunta poñer no acordo dous máis o partido socialista apoiaría a moción.

Contesta Sra. Molinos que non solo son dous máis senón que ten que haber polo menos 7 e que o risco de que non sexan dous ou tres na convocatoria que se acaba de sacar é completamente real, é o que estivo sucedendo nestes anos. Hai unha partida para 5 socorristas e non comprenden dende o PP porque se vai aforrar en seguridade. E afirma que ao final non van a sobrar socorristas con estes cinco e máis os da Xunta. Afirma que aforrar en seguridade non lle parece unha boa opción.

Toma a palabra o Sr. González para engadir que se os contratasen antes terían seguros candidatos pero agora non vai ser antes.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para preguntar se os socorristas podían facer algo con respecto ás aglomeracións de xente.

Contesta o Sr. González que tiña intención de darlles unhas pautas determinadas, hai unhas medidas que xa están postas na cartelería e poden facer avisos e información e creen que se cobren as necesidades da praia.

Pregunta a Sra. Molinos no caso de que eses 21 aspirantes unha vez seleccionados os 6 se marchan para as praias de Porto do Son, Boio ou calquer sitio porque lles parece mellor e quedan con 3 socorristas, cal é o plan que



teñen?.

Responde o Sr. González que iso contestarán se pasa.

Finalizado o debate procedese a **votación** co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

A moción sae adiante pola maioría simple dos votos.

A Concelleira D. Raquel García Barreiro de CO abandona o Pleno.

- **MOCIÓN POR URXENCIA DO BNG:**

DEBATE

Comeza a exposición da urxencia da moción pola portavoz do BNG a Sra. Suárez dicindo que están en perigo case 1.000 empregos na Mariña que entendemos que ao non ter unha tarifa eléctrica galega sendo unha das comunidades que máis enerxía producidos pon en risco moitas máis empresas e que deberíamos defender unha tarifa eléctrica galega e a vez que sectores tan estratéxicos como a industria que falta fai neste aspecto.

Toma a palabra a Sra. Molinos para expoñer que non teñen nada que engadir.

Toma a palabra o portavoz do partido socialista que considera que o tema de Alcoa é urxente.

O Sr. González afirma que o grupo de goberno tamén entende que ten urxencia porque estamos no momento de posiblemente de reclamar estas cuestión e afirma o apoio á urxencia.

Finalizada o debate da moción de urxencia, procédese á votación da urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 4 votos a favor e 1 abstención (ausencia)
- PP: 5 abstencións



- BNG: 2 a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

Aprobada a urxencia da moción por maioría absoluta.

MOCIÓN:

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Toda a comarca da Mariña está a mobilizarse nos últimos días para evitar o posible peche da planta de Aluminio en San Cibrao, o que suporía a perda duns oitocentos postos de traballo entre empregos directos e das empresas auxiliares. Debe lembrarse que Alcoa ten máis de mil traballadores nas dúas plantas, Alúmina e Alumino, e as empresas auxiliares, máis de setecentos. A empresa vén de anunciar o inicio do proceso formal de consultas para o ERE da planta de San Cibrao o 25 de xuño, que suporá o despedimento de máis de 500 persoas, sen agardar a ningunha negociación que permita o mantemento da factoría.

Alcoa xa comezou en marzo unha parada das cubas en electrólise, que aínda que naquel momento se anunciou como temporal, parecía preludiar xa o camiño cara un posíbel peche. A día de hoxe xa están inactivas entre 18 e 21 cubas. Esta medida xa tivo consecuencias directas nas empresas auxiliares con 43 traballadores en ERTE.

O principal problema que ameaza a viabilidade da empresa son os altos custos da enerxía eléctrica, que resulta imprescindible para a produción na planta de aluminio.

A solución ao alto custo da enerxía tanto para Alcoa, como para o resto das empresas consideradas grandes consumidores de enerxía no noso país, pasa pola posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega, como sempre defendeu o BNG. Na Galiza somos exportadores de enerxía, soportamos os custes ambientais desa produción, polo que sería de xustiza, que en compensación, o territorio galego puidese regular o seu propio marco enerxético e que o custe fose menor para as



súas industrias e consumidores en xeral.

Ademais, outras medidas que poderían paliar a situación, como a reforma do Estatuto do consumidor electrointensivo, comprometidas polo Goberno central e que aínda non están vixentes, posibilitarían a adquisición de enerxía a baixo custo, tema respecto ao cal, a propia empresa lamentou publicamente que desde o Goberno non se deu ningún sinal de cambio.

O Goberno deberá pór en marcha medidas que supoñan un abaratamento do custo da enerxía, para permitir a viabilidade económica e productiva desta empresa e do conxunto da industria electrointensiva.

En todo caso, ante o anuncio de peche da planta de Aluminio, e para evitar a catástrofe económica e social que tería en toda a comarca, o Goberno español deberá apostar pola nacionalización da factoría, que xa no seu día foi pública e que nunca debeu ser privatizada, asegurando así, os postos de traballo e o futuro económico do principal motor económico na Mariña. Nin o marco normativo galego, nin o do Estado, nin o da Unión Europea impiden a nacionalización de Alcoa, por tanto, esta solución só necesita da contade política das Administrazións públicas, solución que permitiría preservar o emprego e salvar unha comarca enteira.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno de Estado:

- 1) A intervención de Alcoa para retornala ao ámbito público, nacionalizando a planta, para así manter os postos de traballo que dependen da mesma e o futuro económico e social de toda a comarca da Mariña.
- 2) A posibilitar una Tarifa Eléctrica Ga lega que resarza a Galiza dos custos de produción, que permita ás familias beneficiarse da riqueza enerxética do seu país e ao mesmo tempo favoreza a viabilidade da industria asentada no seu territorio.
- 3) Pór en funcionamento o Estatuto do Consumidor Electrointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poida manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da



factoría e dos postos de traballo da mesma.

En Outes, a 25 xuño de 2020.

Asdo: Anxo Núñez Fernández

Vice-portavoz municipal.

DEBATE

Toma a palabra a portavoz do partido PP que afirma que non se ten o tempo suficiente para formar un criterio con respecto o acordo que se propón.

Contesta a Sra. Suárez para afirmar que a facilitaron pola mañá. E contesta a Sra. Molinos que eles precisan máis tempo.

Toma a palabra o portavoz do partido socialista o Sr. Caamaño reflexionando de que unha parte da política non funciona e que é a que asquea a maioría da xente. Caendo no mesmo erro de sempre damos leccións axudamos as grandes empresas. Non entende como é posible e deberíase mirar que todas aquelas empresas que teñen subvencións e acordos cos distintos gobernos non poidan deixar na estacada como sucede neste caso aos empregados e empregadas só porque lle sexan máis rendibles. Pídense en moitos casos que a tarifa eléctrica sexa revisada e neste caso para competir noutros países e pregunta quen son os beneficiarios de tanto eólico e tanto embalse en Galicia, as nosas empresas e os nosos veciños non, simplemente as empresas eléctricas. Prosigue que se producimos máis enerxía que ninguén en España e temos o recibo de luz máis caro e que algo non funciona.

Toma a palabra o Sr. González que expón que na liña que xa apuntaron o BNG e o PSOE parécenos urxente manter os postos de traballo e tratar de que o tecido industrial de Galicia se manteña e creemos que Galicia ten que ter maiores competencias e ten que ter capacidade de condicionar a política enerxética e a demanda do galeguismo que entendemos na base do marco legal e creemos que debemos de reclamar para nós o que é noso. Polo que anuncia que votarán a favor da moción.

Finalizado o debate procedese a **votación** da moción de urxencia, co seguinte resultado:

- CO: 4 votos a favor e 1 abstención (ausencia)
- PP: 5 abstencións



- BNG: 2 a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

Aclara a Sra. Molinos portavoz do PP que a abstención do PP é polo exposto con anterioridade, no ter tempo de analizar a moción.

Aprobada a moción por maioría simple dos votos.

- **MOCIÓN POR URXENCIA DO BNG:**

DEBATE

Toma a palabra D. Anxo Núñez do BNG para argumentar a urxencia da moción que afirma que votan en falta por parte do goberno local tomar un acordo de facer unha declaración institucional e actividades que non se fixeron. Este domingo era o día do orgullo e o Concello de Outes limitouse a colgar a bandeira que está ben pero creemos que é vital e importante e urxente aproveitar a conxectura para facer unha declaración institucional dun tema tan importante como a discriminación por unha condición persoal.

Toma a palabra a Sra. Molinos portavoz do PP que expón que tratar esta moción como urxente é desvirtuar o significado de urxente e que é algo abusivo usar esta figura e que poderían presentar por procedemento normal e que todos tivésemos tempos para estudala.

Toma a palabra o portavoz do PSOE o Sr. Caamaño que neste caso cree que a cuestión de urxencia neste caso non cree que sexa xa que isto hai que facelo no o resto do ano. Por iso non considera urxente e que se se presenta posteriormente tería máis valor. E anuncia que non ve a urxencia neste caso.

O Sr. González afirma que están dacordo co que se plantexa pero que a urxencia é a que é. Que a declaración ten o mesmo valor se a aprobamos hoxe que se a aprobamos o mes que ven e pediríalles que a deixáramos para o mes que ven e que a debateramos en condicións no mes de xullo.

Intervén o D. Anxo Núñez afirmando que o acordo debe estar presente os 365 días do ano pero creemos que é urxente no sentido de que votámolo en falta esa iniciativa por parte do Concello e creemos que é urxente polo contexto, que a partir de aquí podemos presentar outras iniciativas máis concretas, xa que isto é unha declaración, un compromiso.



Finalizado o debate procedese a votación da urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 5 abstencións.
- PP: 5 abstencións.
- BNG: 2 a favor.
- Grupo Mixto - PSOE: 1 abstención.

MOCIÓN:

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Hai xa 30 anos, a Organización Mundial da Saúde suprimiu finalmente a homosexualidade da súa listaxe de enfermidades mentais, feito co que se pretendía acabar con case un século de homofobia médica e discriminación contra as persoas LGTB.

Porén, a pesar das innegábeis mellorías desde entón, a realidade internacional para o colectivo LGTB non mudou substancialmente ao redor do mundo e as persoas LGTB seguen a padecer discriminación pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero tamén na Galiza.

É importante sinalar que o período de confinamento imposto para frear a pandemia da COVID-19 puido ter como consecuencia o empeoramento da situación de moitas persoas LGTB o persoas ao se veren, en moitos casos, se ven obrigadas a voltaren para a casa onde podían padecer a LGTBfobia familiar, cortadas da súa rede de apoio habitual, forzadas a se pecharen de novo no armario por medo ao rexeitamento e mesmo á violencia, tanto física como verbal.

Así, o risco de crear ou agravar problemas de saúde mental nova que aplica a situación de illamento que trae consigo o confinamento, exacerbado pola dificultade ou mesmo a imposibilidade de poder consultar cun/ha profesional durante este período dilatado, veríase agravado aínda máis dentro do colectivo



LGTBfobia, xa que por máis vulnerábel a este tipo e problemas debido á discriminación que sofre.

Por culpa da pandemia, este ano non van poder ter lugar as marchas e manifestacións do Orgullo LGTB, cando menos do xeito habitual. Xustamente, por esta mesma razón é imperativo seguirmos a visibilizar os obstáculos e as discriminacións que continúan a asolar a vida das persoas LGBT e pórmos ao seu dispor todas as ferramentas precisas para axudalas a superaren, na medida do posíbel, as consecuencias da LGTBfobia.

Resulta, pois, máis urxente do nunca aproveitar o mes do Orgullo, e concretamente o Día Internacional do Orgullo LGTB que se celebra cada 28 de xuño, para reivindicarmos a necesidade da visibilidade das persoas LGTB como parte integral da nosa sociedade, o respecto para a diferenza e a diversidade, piares básicos que deben sustentar calquera sociedade democrática e plural.

Cómpre, neste sentido, que a corporación municipal desenvolva un labor específico e planifique accións e actividades en colaboración co propio colectivo LGTB, non só con motivo do Día do Orgullo mais ao longo de todo o ano.

A Corporación Municipal de Outes recoñece, con esta declaración, explícita e publicamente que os dereitos das persoas LGTB son dereitos humanos e que a diversidade sexual debe contemplarse como un dereito básico en calquera ámbito da vida.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte,

ACORDO

1. Tomar a anterior exposición de motivos e convertela en aclaración institucional do concello de Outes.
2. O goberno organizará, non só nos meses do orgullo se non ao longo dos anos, campañas de visibilización, concienciación e actividades que teñen como obxectivo a eliminación de calquera tipo de LGTBfobia. Se nalgún momento existe algún colectivo a nivel local/comarcal frase da man do mesmo e tamén se deberá buscar algún consenso dentro da corporación arredor das mesmas actividades.

En Outes, a 25 de xuño de 2020.



Asdo: Anxo Núñez Fernández
Vice-Portavoz municipal.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos portavoz do grupo popular que afirma que non van a facer uso do seu turno.

Toma a palabra o Sr. Caamaño portavoz do partido socialista que afirma o acordo que non debería ter ningún tipo de obstáculo nin discriminación por motivos de identidade sexual e dende o partido socialista súmanse non só o día LGTB senón intentar que tódolos días tiñamos educación e respecto cara os demais sexan da cor que sexan, teñan a identidade sexual que teñan, veñan de onde veñan e sexan de que sexan. Educación e respecto.

O Sr. González expón que como xa dixeron entendemos que debe primar e estamos de acordo na concienciación da sociedade co colectivo LGBT e sumarnos a que somos un Concello amigo na visibilización e anuncia que votarán a favor de dita moción.

Finalizado o debate, procédese a votación da moción co seguinte resultado:

- CO: 4votos a favor e 1 abstención.
- PP: 5 abstencións.
- BNG: 2 a favor.
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor.

Aprobada a moción por maioría simple dos votos.

Ter en consideración o informe emitido por Secretaría coa correspondente notificación aos portavoces dos grupos políticos no que se establece a nulidade de dita moción por non cumprir o procedemento necesario, xa que, a ratificación da urxencia é de maioría absoluta e tendo resultado de maioría simple na votación.

7. PREGUNTAS

- **Do Pleno anterior.**

- **DO PARTIDO POPULAR:**



1ª) O alcalde declarou na Voz de Galicia que se leva gastado nos traballos de desinfección relativos ao COVID-19 uns 15.000 € en persoal. Cantos traballadores estiveron adicados a esas tarefas? Foifora do horario laboral? Cal foi a distribución desescartos?.

O Sr. González expón que unha cousa é o que se traslada aos medios ou o que sae e outra é a interpretación do que se le. Aos 15.000€ aos que se fan referencia non son en persoal, este son en total. Houbo untraballador a tempo completo durante ese tempo tamén facendo horas extras para desinfectar a finde semana e gastamos aproximadamente 3.000€ e iso foi o que se fixo. Aclara que os 15.000 € non foron en persoal.

A Sra. Molinos afirma que as preguntas que deberían constar en acta son as seguintes: “1º) O que dí vostede na Voz de Galicia é que o maior desembolso realizado ata a data realizado uns 15.000€ en total están relacionados co persoal, temos traballadores adicados a tempo completo a desinfección de espazos públicos e reparto de material. E a primeira pregunta era: Cantos traballadores ten adicados a estas tarefas fora do seu horario habitual, dende o comezo do estado de alarma ata as súas declaración?” é dicir que ten un traballador dende 14 de marzo ata o 5 de maio que foi cando vostede fixo as declaración e que vostedes gastaron 3.000€ en iso.

Prosigue expoñendo que as outras preguntas que lle faltan é: 2ª) Cantas horas das habituais a maiores se fixeron nese mesmo período?

3ª) Cal foi a distribución deses 15.000 €? Se ese foi o maior desembolso, cales foron os outros cartos financiados con fondos propios de contías menores?

As preguntas serán contestadas no seguinte pleno e que reitera o Sr. González que eses 15.00€ non se refería aos gastos de persoal. Unha cousa é o que se di, outra a que sae na prensa e outra a interpretación.

2ª) No tocante a factura de arranxos e limpeza das pistas municipais. Por qué non se fixeron as certificacións do traballofeito antes de pagar a factura?

Responde o Sr. González que como saben os contratos menores non esixen certificación do traballo feito tal e como establece o artigo 118 da LCSP.



Intervén a Sra. Molinos para reiterar que o que se lle pregunta é porqué se optou pagar anticipadamente traballos que non se fixeron? Esa é a cuestión. Responde o Sr. González que a pregunta quedará para contestar no seguinte pleno.

3ª) Pregunta/rogo: o 4 de febreiro pediron o proxecto do IDAE e aínda non llo diron. Por que?. Roga que llo faciliten o antes posible.

Responde o Sr. González que xa se tratou con anterioridade.

- DO BNG:

1ª) Na mesa de traballo sobre o coronavirus falou de facer unha campaña de promoción do turismo. Non cree vostede que vai tarde?

Responde o Sr. González que non creen que vaian tarde, como xa comentou o outro día non vemos o turismo do Concello de Outes como estacional e estamos facendo unha campaña moi interesante e que están traballando os profesionais esperamos presentala proximamente.

Intervén a Sra. Suárez afirmando que o goberno non quere un turismo estacional pero están gravando estes días en pleno verán e non esperaron a facelo nos magostos entre outros, e pregunta a quen pretende enganar?

2ª) Que medidas pensa adoptar para controlar o aforo nas praias e nos espazos públicos?

Como xa se comentou están na praia os carteis informativos e tamén temos un cartel que cando se observe que hai unha afluencia moi elevada na praia pois indicárase que o aforo está completo e indicárase que se dirixan a outro destino e esa é a intención do goberno e confían no autocontrol da xente e que teñen aos socorristas para controlar e iso será a forma de actual. Prosigue o Sr. González que o aforo dunha praia e nunha ría como a nosa é moi complicado de establecer porque entre outras cousas dependen das mareas.

En canto aos espazos públicos onde hai xente o control do aforo levarano a cabo os traballadores e apelamos a responsabilidade da xente.

Intervén a Sra. Suárez reiterando que entón o goberno apela á responsabilidade da xente, xa que un cartel informativo non é ningunha medida de control dos aforos ou usuarios dos areas.



Sinala o Sr. González que as preguntas non se poden ser un debate e solicita que a Sra. Suárez remate na maior brevidade. Prosigue a portavoz do BNG que pon en dúbida que os socorristas poidan controlar o aforo.

- DO PARTIDO SOCIALISTA:

1ª) Está en marcha a selección de operarios do Plan de Inserción Laboral da Deputación? Teñen en conta a reserva de algunha praza para persoas con discapacidade?

Responde o Sr. González a primeira das cuestión que si e publicárase proximamente a lista de admitidos e agardamos que estean contratados na primeira quincena de xullo. E con relación a segunda cuestión responde que as bases para as persoas con diversidade funcional que este é un dos colectivos acollidos ao PIL entre outros colectivos, pero non se pode reservar prazas específicas.

- PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO.

- DO PSOE:

O portavoz do partido socialista leva a cabo a lectura do contexto das preguntas presentadas por escrito.

1. Ten o concello resposta de telefónica o escrito de trámite de audiencia previa remitido con data 27/04 con rexistro de saída 262?
2. Deron vostedes permiso para obrar a principios deste mes en dita caseta e de non ser así que acción van levar a cabo?
3. No suposto caso de que nos atopemos cunha edificación sen licenza e que leva causando prexuízos aos veciños e veciñas de dita edificación durante tantos anos, ¿apoiarán aos veciños e veciñas afectados ou teñen pensado poñer do lado das “altas esferas”?
4. E por último como pregunta/suxerencia, decirlles que se non dispón o concello de medios para verificar si se cumpren ou non certos parágrafos, neste caso, de ruído, e mellor será que se absteñan de facer ningún tipo de valoración subxectiva que poida levar prexuízos ós veciños e veciñas sen ningún tipo de valor ou fundamento. ¿Acaso estamos tan mal que non temos cartos para alugar un equipo de medición rúidos?



O Sr. González fai saber que xa lle trasladou ao arquitecto municipal que vostede non esta de acordo con informe feito.

Responde a primeira cuestión expoñendo que non teñen a resposta. En relación á segunda pregunta responde que non teñen permiso porque non teñen constancia de que se fixera obra algunha, as accións serán determinadas cando se teña o alcance das obras que se fixeron.

Resposta a terceira pregunta expón que o goberno fai todo o posible para axudar aos veciños naquelas cuestión que lles parecen adecuadas. Expón que trasladaron a queixa á compañía telefónica. Polo que prosigue que o goberno actuará sempre no marco legal.

En resposta á última cuestión expón que fai pouco aprobouse o orzamento polo que o Sr. Caamaño suxeriu unha partida para este equipamento e que xa o teríamos. O Sr. Caamaño expón e reitera a situación que se está a vivir e engade que como no punto 1 non teñen resposta de telefónica non sei cando é preceptivo enviarlle outra notificación.

- Do PARTIDO POPULAR:

A Sra. Molinos procede á lectura da exposición do contexto das preguntas por escrito.

PREGUNTA:

Vemos que anunciaron vostedes a celebración do Campamento de Verán “Outes Concilia 2020”, no anuncio indican vostedes que o prezo público para cada unha das quendas é de 40 €. Ata onde sabemos ese prezo público non está aprobado definitivamente.

- ¿Esto é así? ¿A día de hoxe está sen aprobar definitivamente a ordenanza onde se recollen os prezos públicos para o Programa Outes Concilia?
- Se é así, ¿en que base legal se amparan vostedes para cobrar por un servizo para o que non hai un prezo público aprobado?.
- Observamos que no anuncio dan a posibilidade de non facer uso do horario completo, nese caso ¿o prezo do servizo sería o mesmo?

Responde o Sr. González que a ordenanza non entrou en vigor pro unha corrección de erros levados ao BOP e publicouse en pleno estado de alarma e polo que o período da aprobación definitiva amplía os prazos administrativos durante o estado de alarma non correron. Aínda non entrou en vigor pero esperemos que entre nas



próximas semanas e por tanto unha vez que entre en vigor será cando cobraremos estes servizos. Se houbera calquera problema solicitaremos un informe xurídico que posibilite levar a cabo este trámite.

En canto á última cuestión realmente o horario é de 8 a 16 o que pasa que para dotar de flexibilidade e ordenar a entrada e saída permitimos que se entre ata as 9 e que como moi cedo recollan ás 13.30, esa é a razón pola que se posibilita.

A Sra. Molinos reitera aclaración se van a cobrar cando entre en vigor a ordenanza ao que o Sr. González resposta que si.

- **PREGUNTAS ORAIS, A CONTESTAR NO PRÓXIMO PLENO.**

- **Do PARTIDO POPULAR:**

Serán as protestas dos veciños do núcleo de Mirás polo remate das obras do proxecto “Pavimentación de camiños de Mirás” por valor de 50.000€ executado no PMI impulsado pola Consellería de Presidencia da Xunta. Esta queixa ten a súa orixe en que se eliminou parte do pavimento previsto no proxecto aprobado asociado a esta subvención, nós podemos entender que intenten ampliar vostedes o alcance dunha actuación ou incluso en consenso con veciño e a dirección de obra varíen algo do proxecto dentro duns límites establecidos pero o que non respecto a unha obra aprobada que elimina unha parte sen que se concorran motivos irrefutables para facelo non chegamos a entendelo.

PREGUNTAS:

- 1) Cal foi o motivo polo que eliminaron vostedes ese tramo de pavimentación?
- 2) En que base legal se apoiaron vostedes para poder facelo?

- **Do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:**

Expón D. Anxo Núñez o contexto das preguntas con respecto a construción do novo tanatorio do Concello e as problemáticas con respecto ao solo urbanístico da contorna no que se sitúa e o único que se quere é un interese dunha empresa privada. O que o BNG pregunta é,

PREGUNTAS:

- 1) Se é o goberno de Outes consciente de que pode estar cometendo os mesmos erros do pasado?



- 2) Se non pensan negociar outra localización máis axeitada que cumpran cos requisitos legais? E a parte está o impacto social dunha actividade económica destas características no centro urbano da Serra.
- 3) Teñen ganas de ter outra demolición?

Expón a Sr. Suárez o contexto das seguintes preguntas sobre o abandono do Concello e que cando o goberno atopábase na oposición reclamaban unha planificación da limpeza no concello,

- 1) Que pasou con esa planificación? Perderon a planificación? Xa non creen que sexa necesaria?
- 2) Deixaron un remanente de 90.000€ nos orzamentos anteriores sen executar que correspondían á partida de limpeza e xardíns e espazos públicos, por que non se executou? E por que non se contrataron empresas para facer esa limpeza?
- 3) O abandono non chaga só aos desbroces senón que tamén se comeza a notar no deterioro das estradas municipais que ten de intervención urxentemente, fixéronse parcheados e que estaban mal feitos e reiteramos a necesidade do control do que fan as empresas.
- 4) Achéganse as festas do verán e creemos que é de vital importancia manter a actividade cultural e dar apoio ás institucións como a banda municipal de Outes, pensa o goberno facer pasarúas polas parroquias e promover actuacións?
- 5) A situación é complicada e por suposto as festas non volverán a ser neste ano o que foron en anos pasados, de todos xeitos pódense facer moitas outras actividades culturais enfocadas á veciñanza por parroquias e cun aforo correspondente, teñen previsto realizar un programa cultural acorde a esta situación? De ser así, cando pensan informar?
- 6) Referente ao campamento, se seguen nas bases de regulación habería unha diferenza de taxas entre as quendas de agosto e xullo? Se seguen mantendo esa diferenza de quendas?
- 7) Fai uns meses o temporal derribou a imaxe do cruceiro de abaixo en Cando a día de hoxe esa imaxe ninguén sabe onde se atopa, vostedes pasaron a recoller esta imaxe? Patrimonio é consciente desta situación?

Remata a sesión plenaria e quedan as preguntas pendentes para a seguinte sesión, aclarando pola Secretaria de conformidade co Real Decreto 2564/1986 de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, finalizando a presente sesión ás 00:00.



Remata a sesión 00:00 ás do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=HHs8rgLJLDQ>



Cod. Validación: 6MS6QW6JHSG3X46Q3AZL33PE | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 43